

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASISTENCIA A CONGRESOS E PUBLICACIÓNS NAVANTIA RÍA DE FERROL

1. Obxecto da convocatoria

A Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos, no seu esforzo por fomentar, promover e facer visibles os traballos desenvolvidos nos estudos de grao e máster da Escola Politécnica Superior (EPS) da Universidade da Coruña (UDC) en temáticas do interese de Navantia Ría de Ferrol, convoca axudas para a participación en congresos nacionais e internacionais e publicacións en revistas.

O obxecto destas axudas é sufragar os gastos ocasionados polo desprazamento e a inscrición de alumnado da EPS como resultado de presentar relatorios ou comunicacións (previamente aceptados) en congresos científicos.

2. Contía da convocatoria

A contía dispoñible será como máximo de 3000 €, que se distribuirán en función das solicitudes aprobadas, con cargo á partida orzamentaria 0900470101.422D.6400018. O alumnado poderá solicitar un anticipo para asistir ao congreso e pagar a inscrición.

3. Requisitos das persoas solicitantes

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a no curso 2020/21 nunha das seguintes titulacións da EPS:
 - Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais ou Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica
 - Máster en Enxeñaría Industrial ou Máster en Enxeñaría Naval e Oceánica
- b) Estar ao corrente no pagamento das taxas que correspondan.

4. Formalización das solicitudes

A solicitude, xunto co resto da documentación, enviarase ao correo catedra.navantia@udc.gal.

Para percibir a dotación económica adxudicada, será imprescindible demostrar documentalmente a asistencia e a realización da actividade para a que foi concedida (certificado da secretaría do congreso en que se faga constar a presentación de relatorios ou comunicacións, actas do congreso onde se reflectan estes ou calquera xustificante que acredite a participación da persoa que solicita a axuda de viaxe). Ademais, será necesario achegar calquera documentación que acredite a realización da viaxe por parte do/a solicitante (billetes de avión nominativos, factura de aloxamento).

5. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días desde a publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

6. Avaliación das solicitudes

Avaliarase unha solicitude, como máximo, por petionario/a. As solicitudes referiranse a inscricións, viaxes e material empregado no ano da convocatoria.

7. Comisión de Selección

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes estará composta por:

- a) D. Fernando Lago Rodríguez, codirector da Cátedra
- b) D.^a Ana Álvarez García, codirectora da Cátedra

c) D.ª María Inmaculada Vázquez Castiñeira, xefa de RR. HH. de Navantia Ría de Ferrol

8. Criterios de valoración

Para valorar as solicitudes teranse en conta a calidade científica do congreso e o seu carácter nacional ou internacional. O financiamento solicitado poderá ser total ou parcial, de se complementar con outros recursos á disposición do/a solicitante. O financiamento parcial valorarase positivamente, por canto permitirá apoiar un número maior de solicitudes.

A concesión das axudas estará condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes.

9. Resolución

A resolución das solicitudes realizarase entre os meses de novembro e de decembro.

10. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD); e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do TEO da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita na convocatoria, e terá dereito a retirar este consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Así mesmo, terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais, e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderán exercerse mediante solicitude remitida ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto con que achegará fotocopia do seu DNI. De igual forma, poderá dirixir esta solicitude directamente ao/á delegado/a de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, tense dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Os directores da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos

Fernando Lago Rodríguez

Ana Álvarez García

Anexo I. Solicitude

Convocatoria de axudas para asistencia a congresos e publicacións Navantia Ría de Ferrol

D./D. ^a	NIF
Domicilio	
Poboación	CP
Correo-e	Teléfono
Titulación	Estudante ☐ Profesor/a ☐

Acepta as bases da presentación á convocatoria e

SOLICITA unha axuda para cubrir os gastos de desprazamento, inscrición e/ou material para a seguinte actividade:

.....

Documentos xustificantes:

.....

Ferrol, de de 2020

Asdo.: